




# FERVENZAS DE MAZARICOS

Adela Leiro, Mon Daporta  
xaneiro 2022



O territorio de Mazaricos atópase entre o Val do Xallas e as nascentes do río Entíns ou Santabaia (que vai á ría de Noia). Por el circulan numerosos ríos e regos que salvan grandes desniveis e forman fermosas fervezas e rápidos nas que se poden facer varias rutas. A mellor época para ver e gozar das fervezas é despois das choivas, porque aínda que estean en regos de pouco caudal van engordados pola auga que escoa cara a eles e presentan o seu mellor aspecto e no inverno temos a ocasión para percibilas en toda a súa plenitude porque a vexetación das súas contornas, que adoita ser autóctona e as árbores de folla caediza, deixan ao descuberto partes que ocultarían noutras épocas.

- 1-Enxilde
- 2-Noveira
- 3-Fírvado
- 4-Gosolfre e San Paio
- 5-Santa Locaia
- 6-Vioxo

Vista desde o miradoiro do Padre Sarmiento. O río Xallas está retido no encoro de Santa Uxia cos montes do Pindo á esquerda e os de Buxantes á dereita. Ao fondo o mar ata Fisterra.



Propoñemos facer o percorrido en dúas xornadas.

I-O Enxilde, A Noveira e Fírvado (45 km en coche e uns 5 km a pé)

II-Gosolfre, Vioxo, San Paio e Santa Locaia (15 km en coche e uns 5 km a pé)


## RUTA I (afluentes do Xallas)

### 1-FERVENZA DE ENXILDE

No río Ribeiratorra, afluente do Xallas.

#### PERCORRIDO


Desde Pino do Val imos ata as Paxareiras, uns 10 km (podemos aproveitar para, desviándonos á dereita, ata o alto, gozar dunha fermosa panorámica do seo de Fisterra e a vista do areal máis longo de Galiza, a praia de Carnota e Caldebarcos) onde collemos o desvío, á dereita, outros 10 km que, con bastantes tramos rectos, nos leva polo val do río Adraña a Curra, Arcos, e ao Enxilde. No camiño pasamos polo **miradoiro do Padre Sarmiento** (cunha fermosa panorámica do Pindo, o monte de Buxantes e o mar ata Fisterra) cun cartaz que inclúe o texto no que el describe a contorna, que agora se atopa un pouco modificada pola presenza do encoro. Entre o Enxilde e a Gándara atópase á ferverza do Enxilde. Non ten acceso doado nin sinalado polo que tivemos que facer varios intentos porque o desnivel é grande e a vexetación, con moito toxo, difícil. O primeiro achegamento fixémoslo pola aba da Gándara, despois de cruzar o río seguindo a estrada da esquerda e logo a pista que sae dela á esquerda e o seguinte camiño á mesma man, ata un pouco máis abaixo de onde remata o quitamedos e aproveitando un espazo no que estripos, carballos e sanguíños, agora sen follas, ocupan o espazo dos toxos e un carreiro que o paso de animais marcaba entre eles conseguimos baixar ata o nivel da auga do encoro e por alí achegarnos á ferverza para ver de fronte a caída na auga. O segundo fixémoslo volvendo ao Enxilde, collendo, antes de chegar ás casas, unha pista á dereita e nela outro desvío á dereita ata o remate e despois camiñando por unha plantación de eucaliptos, aproveitando que debaixo so medran fentos, para irmos ata o río e seguilo pola beira cara abaixo, ata a parte alta da caída, vendo outros pequenos saltos e varios muíños, un deles curioso, con dous niveis, que no baixo tiña o aparello de moer e no alto unha zona de almacén ou descanso e unha parte acondicionada como pombal -con torneira de entrada e ocos para os niños na estrutura das paredes-.



Ferverza do Enxilde desde o encoro



Pequeno salto no río de Ribeiratorra, ao pé dos muíños do Enxilde.



## 2-FERVENZA DA NOVEIRA

No rego de Arcos, afluente do Xallas.

### PERCORRIDO

Pasado Arcos, collemos o desvío á dereita para ir á Noveira e, a uns metros, vemos á esquerda o edificio da estación de captación de augas da mancomunidade, cara ao que temos que desviarnos porque a ferverza atópase case ao seu pé un pouco augas arriba.



Ferverza de Noveira

## 3-FERVENZAS DE FÍRVADO

No río Beba, afluente do Xallas.

### PERCORRIDO

Na altura de Suevos temos á esquerda un desvío a Beba e a Picota, por el, nuns 800 m, chegamos a Fírvado. No fondo do lugar atopamos os indicadores do camiño que temos que seguir, uns 500 m a pé, para chegar ás ferverzas.



Ferverza do Fírvado no río Beba



Área de lecer ao pé da desembocadura do río Xende no Beba, en Fírvado.

## RUTA II. Afluentes do río de Entíns.

O río Entíns ou de Santa Baia desauga na ría de Noia formando un amplo esteiro preto da desembocadura do río Tambre.


### 4-FERVENZAS DE GOSOLFRE

No rego de Gosolfre e outros que forman as cabeceiras do río de San Paio.

#### PERCORRIDO

Para comezar imos de Pino de Val a Chacín e na estrada, a 1,5 km, temos un desvío á dereita para ir ao lugar de Gosolfre, onde uns 300 m adiante atopamos á esquerda un cartel da ruta e seguindo as súas indicacións, imos dar a unha pista de terra que se bota monte abaixo con bastante desnivel, ao longo de 1,5 km, para chegar ao río. Cruzamos o río pola pontella (a carón dela atópanse os restos dunha Minicentral) e remontámolo pola outra beira uns 200 m para acadar as fervenzas. A primeira que vemos é, a nosa dereita, e caendo máis de 50 m en varios saltos, os de arriba so visibles agora cando as árbores están sen follas, a que forma o **rego de Gosolfre** para caer ao rego principal. Case enfronte deste cae outro rego, o **río do Couto**, que se o remontamos un pouco nos descubre o último dos seus saltos. Seguindo adiante, cruzando a saída do rego do Couto polas pontellas de madeira, imos dar á fervenza do **rego da Casa**, outra sucesión de saltos que rematan nun de máis altura.


Hai outro camiño máis doado para chegar a estas fervenzas que é desde a capela de San Paio, en Outes (o río é linde entre os dous concellos), a onde se chega percorrendo uns km máis no coche pola retorcida estrada de Chacín a Outes, por San Lourenzo, por onde mudamos a longa baixada por unha camiñada máis curta e moito máis a nivel, ben sinalizada, e polo interior dunha carballeira na que os brións e os fentos gabean polos toros das vellas árbores, desde onde ademais, antes de chegar as fervenzas de Gosolfre, teremos a ocasión de achegarnos á **fervenza de San Paio**.



Fervenza no Rego das Casas (Gosolfre)



Fervenza no Rego do Couto (Gosolfre)



Fervenza no Rego de Gosolfre



Fervenza de San Paio (entre Mazaricos e Outes)



Bríons e fungos  
no bosque que  
acompañan aos ríos



## 5-SANTA LOCAIA DO BURATO

No río de Nosiño, ou do Vao da Denosiña, afluente do Santa Baia. A ferverza principal ten dous brazos que caen de 6 m de altura. Seguindo máis arriba hai un fermoso percorrido onde se poden ver máis saltos e rápidos nunha carballeira húmida moi ben conservada.

De volta en Chacín imos á dereita pola estrada de Pino do Val á Serra de Outes, por santo Ourense, e a 3,5 km atopamos, á esquerda da estrada, a capela de santa Locaia do Burato onde paramos. Detrás da capela atópase o río e uns metros augas arriba a ferverza pola que cae uns 6 m o rego do Vao de Denociña. Cruzando o río e seguindo augas arriba atópanse varios saltos máis pequenos dentro dun frondoso bosque.




Ferverza de Santa Locaia do Burato



Ferverza de Santa Locaia do Burato no verán



Fentos (*Woodwardia radicans*) no bosque de Santa Locaia.



Pequeno salto no bosque de Santa Locaia




Bosque de Santa Locaia


## 6-FERVENZA DE VIOXO

Nas proximidades de Vioxo o rego do Casteliño (afluente do santa Baia), salva varios desniveis. A ferverza ten un 10 m de altura en gneis. Está rodeada dun fermoso bosque de ribeira. PERCORRIDO

Volvemos outra volta a Chacín para coller por detrás do lugar a estrada que vai a Vioxo e, a 1,5 km, no remate dunha recta e antes de cruzar o rego do Casteliño, atópase o punto de acceso á ferverza de Vioxo, da que nos separan menos de 300 m que percorrermos por un camiño entre piñeiros antes de baixar por un carreiro acondicionado con pasos e pasamáns. De Vioxo volvemos a Pino do Val e rematamos.



Ferverza de Vioxo no río do Casteliño



Mapa do percorrido II

